

A INFANTARÍA

A Infantaría francesa dividíase en dúas seccións:

1. A infantaría regular, ou infantaría de liña.

Formaba o grosso do exército, e recibía o nome de "demi - brigadiers". Estaba constituido por tres grupos:

- os ***fusileiros***
- os ***granadeiros***
- os ***voltigeurs***

Todos eles vestían unhas **prendas comúns**: casaca azul, con puños en vermello. As voltas e as solapas en branco.

Pero cada grupo tiña uns **aspectos diferenciais**:

- Os ***fusileiros*** levan o cuello en vermello, con chaco na cabeza. Non levan sabre. Os pompóns, segundo a compañía, poden ser azuis, verdes, laranxas ou violetas.
- Os ***granadeiros*** levan o cuello en vermello. Na cabeza, gorro de piel ou chaco. Se levan chaco, o pompom ou a pluma en vermello. Levan sabre. Hombreiras en vermello.
- Os ***voltigeurs*** levan o cuello en amarelo. Na cabeza, chaco con pluma ou pompom en amarelo ou verde. Levan sabre. Hombreiras en verde.

2. A infantaría lixeira.

Este corpo tiña por cometido avanzar no fronte de ataque e romper as formacións inimigas ou a artillería. Estaba constituído por tres grupos:

- os **cazadores**
- os **carabineiros**
- os **voltigeurs**

Todos eles vestían unhas **prendas comúns**: casaca, pantalóns azuis, con voltas e puños en azul. A solapa tamén en azul.

Pero cada grupo tiña uns **aspectos diferenciais**:

- Os **cazadores** (equivalen aos fusileiros na infantaría de línea) levan o cuello en vermello, chaco con pompom verde e cordóns do chaco brancos.
- Os **carabineiros**, cuellos en vermello, gorro de pelo ou chaco con pluma vermella. Portan sabre. Levan as ombreiras en vermello.
- Os **voltigeur** levan cuellos en amarelo, chaco con pluma verde ou colpac. Portan sabre. As ombreiras son de cor verde.